



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLARÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA

INSTRUCCIÓN SOBRE A INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 7.2 DA ORDENANZA FISCAL 3.24 DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

En uso da competencia regulada no artigo 3.2 da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público, e de acordo co informe da Tesourería municipal de 16 de maio de 2017, fíxanse os seguintes criterios de interpretación do artigo 7.2 da ordenanza fiscal 3.24 da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal:

1.- No suposto de solicitude de inicio de ocupación permanente ou de tempada, o suxeito pasivo está obrigado a presentar e ingresar a autoliquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación.

2.- Nos demais supostos de ocupación permanente ou de tempada (incluídas as modificacións) non se esixe a presentación de autoliquidación.

3.- En ambos supostos, unha vez ditado o acto administrativo polo departamento municipal competente, procede realizar as consecuencias tributarias que procedan:

3.1.- inclusión da modificación no padrón do período impositivo seguinte

3.2.- liquidación e/ou devolución a favor do interesado dos importes correspondentes ao período comprendido entre a data de efectos da autorización e a data de incorporación ao padrón

4.- só nos supostos de cambios de titularidade, manténdose a licenza ou autorización inicial, a cota será irredutible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular o primeiro día do período impositivo

En aplicación do artigo 7.a) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, esta instrución publicarase na web municipal

Santiago de Compostela, 17 de maio de 2017

A CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA
Asdo.: María Rozas Pérez